

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO CORRESPONDENTES AO CURSO 2017/2018

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- Artigos 13 e 14 do Real decreto 99/2011 do 28 de xaneiro, que regulan o procedemento de avaliación e defensa das teses de doutoramento para a obtención do título de doutor.
- Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, aprobado no Consello de Goberno de 17 de xullo de 2012 coas súas posteriores modificacións.
- Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de decembro de 2012.

De acordo co exposto, **RESOLVO:**

Convocar os Premios Extraordinarios de Doutoramento do curso académico 2017/2018 de acordo con:

PRIMEIRO. Requirimentos para participar na convocatoria

Poderán optar aos premios extraordinarios os/as doutores/as que cumpran o seguinte:

1. Ter defendida a súa tese na UDC no período comprendido entre o 1 de setembro de 2017 e o 31 de xullo de 2018.
2. Que lle fose outorgada a mención "*cum laude*".

Tamén poderán participar os/as doutores/as que, tendo defendida a tese en anos anteriores e lle fose outorgada a mención "*cum laude*", non puideron optar á premio extraordinario por non seren convocados premios no seu programa de doutoramento.

Cada tese será avaliada segundo o programa de doutoramento no que foi defendida. Para isto, os programas de doutoramento están agrupados en ámbitos temáticos (ver **Anexo I**), e serán avaliados todos os programas dun agrupamento polo mesmo tribunal.

No **Anexo II**, relaciónase o número de premios que se convocan por agrupamento de programas de doutoramento e, no **Anexo III**, con efectos informativos e non vinculantes, a relación dos/as doutores/as que poden optar a cada un dos premios desta convocatoria.

SEGUNDO. Presentación de solicitudes

A documentación que deberán presentar para optar os premios será:

- . Modelo de solicitude segundo Anexo IV
- . 1 exemplar da tese en formato electrónico
- . Currículo vitae abreviado (CVA) da persoa solicitante (elaborado a través da FECYT, <http://cvn.fecyt.es>) cunha listaxe de méritos alegados relacionados coa tese.

O lugar de presentación da documentación é:

- . Rexistro da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC) (Pavillón Estudantil, Campus de Elviña) ou
- . Rexistro Auxiliar de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, Campus de Esteiro) .

TERCEIRO. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes rematará o **26 de abril de 2019**.

CUARTO. Tribunais de premio extraordinario de doutoramento

Cada tribunal de premio extraordinario de doutoramento (Tribunal PED) estará constituído, como mínimo, por cinco membros titulares e dous suplentes.

Na súa composición, garantirase a presenza equilibrada dos ámbitos implicados.

Para poder pertencer ao devandito tribunal, teranse que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter cando menos un sexenio de investigación concedido.
- b) Non ser un/unha dos/as directores/as, codirectores/as ou titor/a das teses que optan ao premio extraordinario.
- c) Non ser coautor/a de ningunha das patentes, artigos ou traballos relacionados co contido da tese do alumnado que concorre ao premio.

O reitor, á proposta da EIDUDC, nomeará os Tribunais PED encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento.

O/a presidente/a de cada Tribunal PED realizará a/s convocatoria/s das sesións do tribunal. Antes da constitución do tribunal, o/a presidente/a comunicará á Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña (EIDUDC) o centro onde se realizarán as sesións e a localización do taboleiro onde se publicará toda a información relacionada coa concesión do premio extraordinario. A EIDUDC publicará na súa páxina web o centro e a localización do taboleiro.

QUINTO. Concesión dos premios extraordinarios

Se o número de teses defendidas e declaradas aptas e asignadas a cada Tribunal PED fose igual ou superior a cinco, cada Tribunal PED poderá conceder unha mención de premio extraordinario por cada cinco ou fracción.

Se o número de teses defendidas e declaradas aptas nun agrupamento nun curso académico fose inferior a cinco, non se convocará premio extraordinario deste agrupamento. Neste caso, as teses deste curso sumaranse ás defendidas e declaradas aptas no seguinte curso e, se a suma alcanzase o número de 5, procederase á convocatoria de premio extraordinario.

Para cada tese, a EIDUDC trasladará ao/á presidente/a do Tribunal PED a composición do tribunal que xulgou a tese e o sobre pechado cos informes confidenciais elaborados por este tribunal, que se deberá abrir durante a primeira sesión do Tribunal PED. Todos os membros do Tribunal PED serán coñecedores desta información nesta primeira sesión. Os informes de cada tese conservaranse coas actas do Tribunal PED. O Tribunal PED poderá solicitar á EIDUDC a información adicional que considere necesaria para elaborar a súa proposta.

Unha vez constituído, e antes de proceder á consulta da documentación, o Tribunal PED determinará os criterios de avaliación que publicará no taboleiro do centro. Estes criterios terán en conta, polo menos:

- A cualificación da tese, obtida da valoración confidencial emitida por cada un dos membros do tribunal.
- O currículo vitae abreviado (elaborado a través da FECYT, <http://cvn.fecyt.es>) relacionado coa tese do alumnado que opta ao premio, en particular:
 - a) Patentes concedidas e libros ou artigos publicados en revistas científicas orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.

b) As presentacións ou actas de congresos orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.

Só se valorarán os méritos de investigación ou transferencia de tecnoloxía directamente relacionados co contido da tese.

En ningún caso poderá someterse aos/ás solicitantes á realización de exercicios ou probas adicionais.

A continuación, o Tribunal PED procederá a abrir e examinar a documentación achegada. Tras as deliberacións, resolverá por maioría a proposta das teses merecedoras do premio extraordinario, axustándose ao número máximo previsto.

Os Tribunais PED poderán propoñer que as mencións de premio queden desertas.

SEXTO. Resolución de premios extraordinarios e alegacións

O/a presidente/a de cada Tribunal PED publicará a proposta provisional de premios extraordinarios no taboleiro do centro e a remitirá á EIDUDC, que a publicará na súa web.

No prazo de 10 días hábiles desde a publicación no taboleiro do centro, no rexistro do centro de reunión do tribunal, os/as solicitantes poderán facer alegacións a esta proposta dirixidas ao/á presidente/a do Tribunal PED, que elaborará un informe sobre estas alegacións no que deberá xustificar se ratifica ou modifica a proposta provisional.

O Tribunal PED enviará a proposta definitiva á Comisión Permanente da EIDUDC para a súa valoración, e esta remitirá a súa proposta á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

A EIDUDC publicará na súa páxina web a resolución definitiva de premios extraordinarios e entregará aos/ás doutores/as premiados/as unha notificación formal do acordo, que se anotará no seu expediente académico. Na certificación académica farase constar a mención de premio extraordinario de doutoramento.

Sen prexuízo do anterior, a UDC poderá dispoñer o recoñecemento documental de mención de premio extraordinario de doutoramento na forma que considere.

Os/as doutores/as que obtivesen o premio extraordinario de doutoramento terán exención de prezos públicos pola expedición do seu título de doutor/a.

A Coruña, 2 de abril de 2019

O Reitor

ANEXO I

Agrupamentos de Programas Oficiais de Doutoramento

ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE

Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
Deporte, Educación Física e Ocio Saudable
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde
Saúde e Motricidade Humana
Saúde, Discapacidade e Dependencia
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar

ARQUITECTURA

Arquitectura e Rehabilitación
Arquitectura e Urbanismo

ARTES E HUMANIDADES

Estudos Ingleses Avanzados- Lingüística, Literatura e Cultura
Estudos Lingüísticos
Estudos Lingüísticos Literarios do Galego e do Portugués
Estudos Literarios
Língua, Texto e Expresión Artística
Lóxica e Filosofía da Ciencia
Sociedade do Coñecemento: Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades

BIOLOXÍA

Biología Celular e Molecular
Biotecnología Avanzada
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
Investigación Agraria e Forestal
Neurociencia e Psicoloxía Clínica

CIENCIAS DA SAÚDE

Ciencias da Saúde
Ciencias Sociosanitarias
Nanomedicina
Neurociencias

DEREITO

Dereito
Dereito Administrativo Iberoamericano

ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA

Análise Económica e Empresarial
Análise Económica e Estratexia Empresarial
Dirección e Planificación de Turismo

EDUCACIÓN

Ciencias Sociais e do Comportamento
Equidade e Innovación en Educación

ENXEÑARÍA CIVIL

Enxeñaría Civil

FÍSICA E QUÍMICA

Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
Física Aplicada
Láser, Fotónica e Visión
Química Ambiental e Fundamental

INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS

Computación
Estatística e Investigación Operativa
Investigación en Tecnoloxías da Información
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós
Tecnoloxías da Información e das Comunicaciós en Redes Móviles

TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS

Enerxía e Propulsión Mariña
Enxeñaría Naval e Industrial

ANEXO II

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO
CONVOCATORIA 2017-2018NÚMERO DE PREMIOS QUE SE CONVOCAN POR AGRUPAMENTO DE
PROGRAMAS

Agrupamento	Nº de teses defendidas	Nº premios
Actividade Física e Psicoloxía da Saúde	13	3
Arquitectura	2	Non se convoca
Arte e Humanidades	8	2
Bioloxía	18	4
Ciencias da Saúde	14	3
Dereito	7	2
Economía e Socioloxía	9	2
Educación	6	2
Enxeñaría Civil	8	2
Física e Química	18	4
Informática e Matemáticas	9	2
Tecnoloxías Industriais e Marítima	7	2

ANEXO III

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO CONVOCATORIA 2017/2018

RELACIÓN DE DOUTORES/AS QUE SE PODEN PRESENTAR

Agrupamento	Apelidos e Nome
Actividade Física e Psicoloxía da Saúde	Cantero Castrillo, Pedro
	Casas, Angel Adrián
	Clavel San Emeterio, Iván
	Dubra Becerra, María Del Mar
	Justo Alonso, Ania
	Leandro Sousa e Silva, Catarina Paula
	Mayor Villalaín, Alba
	Ozamiz Lestón, María Iciar de
	Paseiro Ares, Gustavo
	Pegito Pérez, Irene
	Rivas Neira, Sabela
	Rodríguez Lorenzo, Lois
Arquitectura	Santos Vázquez, Ángeles
	Vilas Rodríguez, María Marta
Arte e Humanidades	Dongil Sánchez, Miguel
	Febreiro Leal, María Isabel
	Martínez Girón, María José
	Rey Romero, Jessica
	Rico Alonso, Sonia
	Suárez Mourino, Adrián
	Varela Armas, María Luz
Bioloxía	Álvarez Cao, María Efigenia
	Alvarez Fraga, Laura
	Barreiro Alonso, Aida Inés
	Barrezueta Unda, Salomon Alejandro
	Carballo Sánchez, Rodrigo
	Chabla Carrillo, Julio Enrique
	Esperanza Llera, Marta
	Guerrero Feijóo, Elisa
	Hombreiro Noriega, Luís Francisco
	Lema Suárez, Irene
	Perina Cedrón, Alejandra
	Prego Faraldo, María Verónica
	Rico Díaz, Agustin
	Sánchez Flores, María
	Sanjurjo Lourés, Laura
Seoane Méndez, Marta	



Agrupamento	Apelidos e Nome
Ciencias da Saúde	Carballo Castosa, Raquel
	Fernández Fraga, María Ines
	Fernández Gómez, Fernando
	Íñiguez Vázquez, Iria
	López de Figueroa, Paloma
	López Díaz, María
	López Sainz, Ángela
	Marrón Liñares, Grecia Manuela
	Martínez Bendayán, Isaac
	Meijide Míguez, Héctor Manuel
	Montoto Marqués, Antonio
	Sanluis Verdes, Anahí
Vázquez Guimaraens, María	
Dereito	Antelo Martínez, Alejandro Ramón
	Cabanas Veiga, Manuel
	Castro Patiño, Ivan Enrique Eduardo
	Díaz Teijeiro, Carlos María
	Vázquez Vázquez, Francisco
Economía e Socioloxía	Álvarez De La Torre, Jaime
	Brito Gaona, Luis Felipe
	Caamaño Franco, Iria
	Falcón, Juan Pablo
	López Bermúdez, Beatriz
	Peña Zarzuelo, Ignacio De la
	Pérez García, Antonia
	Pesqueira Sánchez, Rogelio
Rodríguez Sánchez, Miguel	
Educación	Fonseca de Melo, Marcia
	Gil Gesto, Isabel
	Losada Puente, Luisa
	Mariño Barral, María del Carmen
	Oliveira Pereira, Natalia da Conceiçao
Enxeñaría Civil	Barba Ávila, Carlos
	Couceiro Aguiar, Iván
	Fernández Águila, Jesús
	Garrido Armas, Marta
	Guizán Roca, Raquel
	Lorenzo Gómez, Guillermo
	Mon López, Alba
	Moure Rosende, Adrián

Agrupamento	Apelidos e Nome
Física e Química	Alonso Marañón, Lorena
	Arboleda Clemente, Laura
	Calero Mendoza, Rolando
	González López, Laura
	Hämmerly, Rosana del Carmen
	Lenis Rojas, Oscar Armando
	Lenzi, Luis Marcelo
	Malmir, Sara
	Marcos Cives, Ismael
	Méndez Arredondo, Jose Antonio
	Rama García, Tamara
	Ramadan Farrag Abdel Hafez, Yousof
	Rey Cabezudo, Carlos Jose
	Torrijos Pérez, Verónica
	Urda Prieto, Carlos
Zucarelli, Graciela Viviana	
Informática e Matemáticas	Castro Pena, María Luz
	Fernández Francos, Diego
	López Cheda, Ana
	López Núñez, Alejandro
	López Pérez, Paula María
	Pastur Romay, Lucas Antón
	Pazos Pérez, Rafael Iván
	Ramirez Morales, Iván Eduardo
	Sánchez Brea, María Luisa
Tecnoloxías Industriais e Marítimas	Bouzón Otero, Rebeca
	Cartelle Barros, Juan José
	Díaz Lorenzo, Juan Carlos Félix
	Mel Fraga, Jose
	Pérez Canosa, José Manuel
Sánchez Fernández, Luís Ricardo	

ANEXO IV

Solicitud de Premio Extraordinario de Doutoramento 2017-2018

DATOS PERSOAIS:			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI/Pasaporte:
Domicilio para efectos de notificación:		Localidade:	
Provincia:	Código Postal:	Teléfono:	e-mail:

DATOS ACADÉMICOS:	
Programa Oficial de Doutoramento:	
Agrupamento:	Data de defensa da tese:

SOLICITO:

Optar ao Premio Extraordinario de Doutoramento 2017/2018, convocado por Resolución Reitoral do 2 abril de 2019.

Achego xunto con esta solicitude un exemplar da tese en formato electrónico e o currículo vitae abreviado (elaborado a través da FECYT, <http://cvn.fecyt.es>) xunto cunha listaxe dos méritos alegados relacionados coa tese (ver os criterios xerais, punto 5 desta convocatoria).

A Coruña, a de de 2019

A persoa interesada

Asinado: _____

O prazo para presentar a solicitude remata o día **26 de abril de 2019**

A solicitude presentarase no:

- . Rexistro da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC) (Pavillón Estudantil, Campus de Elviña) ou
- . Rexistro Auxiliar de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, Campus de Esteiro)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA